



ATENEO SANTA CECILIA DE MARÍN
CIF.: G-36015287

Sociedade declarada de Utilidade Pública (O.M. 08-01-99)
Medalla de Bronce da Xunta de Galicia (2003)
Medalla ao Mérito Cultural do Concello de Marín (2003)
Premio Provincial de Cultura da Deputación de Pontevedra (2014)

BASES DO CONCURSO DE ORELLAS E FILLOAS 2026

Como é tradicional por estas datas, o Ateneo Santa Cecilia colabora co Concello de Marín e organiza un CONCURSO DE ORELLAS E FILLOAS, que está rexido polas seguintes BASES:

- 1. A celebración do concurso terá lugar o día **17 de febreiro, martes de Entroido**, no local social do Ateneo Santa Cecilia (Rúa do Forno, 42- Baixo).*
- 2. Poderán presentarse ao devandito concurso todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que demostren non ter incorrido en faltas disciplinarias ó longo destes últimos cen anos de honradez e non estar coligadas en charangas populares.*
- 3. A cantidade mínima para que o Xurado poida deliberar será de **trece unidades** (13 Ud.), xa sexan orellas ou filloas, que serán presentadas no Ateneo, entre as **18:00 e as 19:00 horas** do mesmo martes 17 de febreiro.*
- 4. As filloas e orellas deberán presentarse acompañadas dun sobre pechado que conteña o nome da persoa participante, o seu enderezo e o seu número de teléfono.*
- 5. A preparación das filloas e orellas poderá facerse segundo o criterio das persoas participantes, pero presentándose sempre na súa forma tradicional. Exemplo: as orellas terán forma de orella e as filloas, forma de filloa.*
- 6. As lambonadas presentadas ó concurso quedarán en propiedade da entidade organizadora, que se reserva o dereito de distribuílas entre o público asistente trala deliberación.*
- 7. O Xurado estará composto por persoas designadas pola Xunta Directiva do Ateneo Santa Cecilia.*
- 8. O fallo do Xurado, que será xusto e inapelable, darase a coñecer **o mesmo día do concurso, a partires das 20:00 horas.***

A participación neste concurso presupón a aceptación das presentes bases.